

**SOLICITUDE DE ADAPTACIÓN DA XORNADA/ORDENACIÓN DO TEMPO DE TRABALLO/TRABALLO
A DISTANCIA PARA GARANTIR O DEREITO Á CONCILIACIÓN**

Eu, _____, con documento de identidade nº _____, con enderezo, para efectos de notificación, en _____, e teléfono _____.

MANIFESTO:

Ao abeiro do recollido no artigo 34.8 do E.T. segundo o cal: as persoas traballadoras teñen dereito a solicitar as adaptacións da duración e distribución da xornada de traballo, na ordenación do tempo de traballo e na forma de prestación, incluída a prestación do seu traballo a distancia para facer efectivo o seu dereito á conciliación da vida persoal, familiar e laboral. No caso de que teñan fillos ou fillas, as persoas traballadoras teñen dereito a efectuar dita solicitude até que os fillos ou fillas cumpran 12 anos, tendo dereito a solicitar o regreso da súa xornada ou modalidade contractual anterior unha vez concluído o período acordado, ou cando o cambio das circunstancias así o xustifique, aínda cando non transcorra o período previsto .

SOLICITO:

Adaptar a duración e distribución da xornada de traballo para facer efectivo o meu dereito á conciliación da vida persoal, laboral e familiar, de xeito que a xornada sexa distribuída do seguinte xeito: de _____ a _____ horas.

En caso de non recibir resposta a este escrito nun prazo de quince días, entenderase estimada a petición.

E para que así conste para os efectos oportunos, asino a presente en data _____ de _____ de 20 ____.

Asinado,

Recibín,

O/a traballador/a

A empresa

DEPARTAMENTO DE PERSOAL